

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 25 DE XUÑO DE 2020
SOBRE MEDIDAS APLICABLES AO PERSOAL CON
CARGAS FAMILIARES OU PERTENCENTES A GRUPOS
VULNERABLES A PARTIR DO 1 DE XULLO DE 2020.**

A resolución reitoral do 13 de maio de 2020, pola que se aproba o protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte á COVID-19, establece no punto 4.4. que *“en todo caso, o persoal pertencente aos colectivos definidos en cada momento polo Ministerio de Sanidade como grupos vulnerables ao COVID-19, así como o persoal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado polo peche dos centros educativos ou de maiores, polo tempo que as autoridades competentes o determinen, e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral, pode seguir desenvolvendo as súas tarefas en réxime non presencial.*

No caso de que este persoal non poida traballar a distancia terá prioridade para escoller as quendas e os días nos que poida desenvolver o traballo de xeito presencial”.

Neste sentido, o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, fixa, no seu artigo 5, que *“se establecerán sistemas de organización que permitan manter a actividade por mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia”.* Na disposición derradeira décima fíxase que *“con carácter xeral, as medidas previstas no presente real decreto lei manterán a súa vixencia ata un mes despois da fin da vixencia da declaración do estado de alarma”.*

A este respecto, o Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, establece no artigo 15, para o efecto da duración das medidas de fomento do teletraballo, que se *“manterá vixente durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo”.*

Igualmente, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7.1.e) que se deberán *“adoptar medidas para a reincorporación progresiva de forma presencial aos postos de traballo e a potenciación do uso do teletraballo cando, pola natureza da actividade laboral, sexa posible”.*

Na Universidade de Vigo, o persoal a que fai referencia o punto 4.4. do Protocolo, durante as distintas fases estivo realizando o seu traballo de forma non presencial, sempre que resultou posible, co informe favorable dos seus responsables.

O día 30 de xuño remata a fase 3 do protocolo, pero tendo en conta entre outras circunstancias, a suspensión do programa campus camp na Universidade, a continuidade do peche dos centros de maiores, así como a existencia de persoas pertencentes a grupos vulnerables nos que os informes do Servizo de prevención aconsellan de ser posible manter o traballo a distancia como medida de protección da súa saúde, dispón:

Primeiro.- O persoal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes que se vexan afectados polo peche dos centros de maiores poderán desempeñar o seu traballo de forma non presencial, sempre que sexa posible, co informe favorable do responsable da unidade na que presta servizos, ata os tres meses posteriores á finalización da vixencia do estado de alarma. Nos supostos en que este persoal, pola natureza das súas funcións, non poida prestar servizos a distancia, o responsable do servizo deberá organizar as quendas, rotacións ou adaptación horarias dese persoal para facilitar a conciliación da súa vida familiar e laboral.

No caso de que ambos proxenitores ou responsables da persoa dependente teñan a condición de empregados ou empregadas públicos, non poderán gozar desta medida simultaneamente.

O persoal deberá presentar a correspondente solicitude ante a xerencia (consultapas@uvigo.es), acreditando documentalmente as circunstancias concorrentes. Así mesmo tamén deberá acreditarse mediante declaración responsable que non hai outra persoa que poida facerse cargo do coidado do menor ou maior.

Segundo.- As persoas incluídas nun grupo vulnerable ao COVID-19 tras o correspondente informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais poderá prestar os seus servizos de forma non presencial sempre que a natureza das súas funcións o permita e ata os tres meses posteriores á finalización da vixencia do estado de alarma, e/ou presencial coas medidas recomendadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e co informe favorable do responsable da súa unidade, debéndose comunicar á Xerencia (consultapas@uvigo.es) a forma en que vai desenvolver o su traballo.

A Xerenta

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)